



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)
Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554
www.pontecesures.org
concello@pontecesures.org



XINCANA 17 DE MAIO

“Día das Letras Galegas - Xela Arias”

1. Poderán participar todas as persoas que o desexen que conformen un grupo con un mínimo de 3 persoas e un máximo de 6.
2. Cada un dos grupos inscribírase empregando o formulario (ANEXO I) que atoparán na **páxina web do concello**, o cal **deberán cumprimentar, asinar e achegar** ás oficinas do Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica <https://pontecesures.sedelectronica.gal/> a partir do día seguinte ao da publicación destas bases e ata o **13 de maio do 2021**.

1

Cada grupo inscribírase baixo un pseudónimo. Non obstante, a identidade de cada membro do equipo deberá ser reflectida na solicitude de inscrición e nomearase un/unha representante de grupo, o/a cal facilitará o seu teléfono móbil a efectos do desenvolvemento do xogo e que será a persoa encargada de ler e aceptar as bases e recibir e enviar as pistas ao equipo de coordinación.

3. A xincana levarase a cabo o día 17 de maio, dende as 17.00h ás 19.00h. O punto de encontro será na Praza do Coche da Pedra.
4. Para poder comezar a desenvolver a xincana, cada equipo deberá ter descargado no seu móbil (un por equipo) un lector de código QR e a aplicación whatsapp .



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org

concello@pontecesures.org



5. O xogo consistirá en atopar os diferentes códigos QR situados en diversos lugares emblemáticos do concello. **Por cada localización** recibiranse **dous códigos QR**:

No **primeiro** recibiremos **unha pista** para atopar o edificio ou lugar onde están agochados os mesmos e unha vez localizado:

- Deberá resolverse o enigma.
- Sacar unha foto de grupo onde atoparon o código
- Enviar a foto e a resposta do mesmo por whatsApp ao teléfono da organización

Unha vez verificada a solución, a organización enviará o **segundo código QR coa seguinte localización**, así consecutivamente ata rematar a xincana.

O xogo (que consta de 10 probas), rematará cando a organización envíe unha mensaxe de FIN DE XOGO e o lugar de recollida de premios de participación.

2

6. Todas os grupos obterán un premio de participación que serán entregados ao final do xogo, sempre e cando finalicen todas as probas da xincana correctamente.

A maiores os **tres primeiros grupos** en rematar a xincana recibiran un **vale** para gastar na merca de publicacións en lingua galega en calquera establecemento do municipio.

7. Todos os grupos participantes comprométense a cumprir con todas as medidas sanitarias vixentes no momento de realizar a actividade.
8. Coa aceptación das presentes bases, os/as participantes consinten expresamente a publicación da súa imaxe nos diferentes medios e RRSS do Concello de Pontecesures.